Asunto: INFORME DA DSXAP SOBRE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

O 14 de xullo de 2026 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) escrito remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) da devandita consellería.

A dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

- Memoria Funcional
- Memoria Económica
- Proposta de modificación de RPT procedentes do Departamento Territorial da Coruña e de Ourense
- Acta da reunión previa cos sindicatos, 9.7.2026.

O 24 de xullo recíbese documentación complementaria

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e con base nas competencias que lle confire o artigo 14 apartado 2.F.a) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

A relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde foi aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de setembro de 2016, publicado mediante Resolución do 15 de setembro de 2016.

Desde entón, a RPT foi obxecto de diversas modificacións dirixidas á adecuación dos recursos humanos ás necesidades funcionais dos distintos centros directivos e territoriais.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: n1CT7LsN2nX7 https://sede.xunta.gal/cve

No contexto desta evolución organizativa, a Consellería de Sanidade formula agora unha nova proposta de modificación da RPT.

SEGUNDO. Obxecto da proposta

Segundo consta na memoria funcional, a proposta ten por finalidade principal a redistribución de efectivos de persoal inspector veterinario de saúde pública de matadoiro mediante a amortización de dous postos vacantes e a creación doutros dous postos nos matadoiros de Melide e Ribadavia-Beade.

A actuación pretende reforzar os recursos destinados aos matadoiros que presentan unha maior intensidade de actividade e unha carga de traballo crecente.

TERCEIRO. Actuacións propostas

3.1. Creacións

Proponse a creación de dous postos de funcionario/a do corpo facultativo superior, escala de veterinarios, subgrupo A1, nivel 24

Centro destino	Código posto	Denominación	Subgrupo/nivel
Servizo Veterinario Saúde Pública (Zona Santiago)	SAC992000515770042	Inspector/a Veter. Saúde Pública Matadoiro Comarcal Melide	A1/24
Servizo Veterinario Saúde Pública (Zona Ourense)	SAC992000532001053	Inspector/a Veter. Saúde Pública Matadoiro Comarcal Ribadavia	A1/24

Xustificación funcional do posto de Melide

Segundo o informe do Departamento Territorial da Coruña, o matadoiro Avícola Avigrao dispón dun único inspector veterinario pese ao incremento sostido da actividade e ás esixencias derivadas da normativa europea e estatal de seguridade alimentaria e benestar animal.

Durante 2025 rexistráronse 196,25 horas extraordinarias e no mes de xaneiro de 2026 producíronse ampliacións de horario en 12 dos 20 días laborais do

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: n1CT7LsN2nX7 https://sede.xunta.gal/cve

mes. Ademais, prevese un incremento da actividade do establecemento ata niveis que poderían duplicar a produción actual.

Xustificación funcional do posto de Ribadavia-Beade

O Departamento Territorial de Ourense acredita un incremento significativo da carga de traballo motivado polo aumento dos sacrificios de urxencia, incidencias de benestar animal, comisos, tramitación documental e solicitudes de segundo control oficial.

Destaca que en 2025 se rexistraron 569 sacrificios de urxencia e 309 comisos, cifras superiores ás doutros matadoiros comparables da provincia. O reforzo permitirá pasar de tres a catro inspectores veterinarios.

3.2. Amortizacións

3.2.1 Proponse a amortización dos seguintes postos:

Centro destino	Código posto	Denominación	Subgrupo/nivel
Servizo Veterinario Saúde Pública (Zona Verín)	SAC992000532840021	Inspector/a Veter. Saúde Pública Matadoiro Comarcal Xinzo de Limia	A1/24
Servizo Veterinario Saúde Pública (Zona A Coruña)	SAC992000515001018	Inspector/a Veter. Saúde Pública Matadoiro Comarcal A Coruña	A1/24

Estes dous postos vacantes non resultan necesarion atendendo á situación funcional actual dos respectivos centros de destino.

3.2.2.- Proponse a amortización do seguinte posto:

Código posto	Denominación	Subgrupo/nivel
SA.C03.00.002.15770.052	médico/a,	A1/22

Actualmente este posto carece de dotación orzamentaria, dado que o crédito empregouse para financiar a creación doutro posto na consellería de Sanidade, derivada de sentenza xudicial firme que recoñecía unha situación laboral de carácter indefinido, e a persoa afectada non podía ser adscrita a un posto de traballo vacante.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: n1CT7LsN2nX7 https://sede.xunta.gal/cve

3.3 Modificacións

Proponse a apertura da xefatura de Servizo de Xestión Asistencial en Atención Primaria con código de posto SG.S03.00.001.15770.005 aos subgrupos A1 e A2, co obxecto de homoxeneizar os criterios de adscrición das dúas xefaturas de servizo existentes na Dirección Xeral de Atención Primaria e Comunitaria:

- A Xefatura de Servizo de Calidade e Continuidade Asistencial en Atención Primaria, aberta aos subgrupos A1-A2 (CP: SG.S03.00.001.15770.030)
- E a Xefatura de Servizo de Xestión Asistencial en Atención Primaria, aberta actualmente so ao subgrupo A1 (CP: SG.S03.00.001.15770.005)

CUARTO. Custo

Polo que respecta á valoración económica corresponde pronunciarse á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.

QUINTO. Sentido do informe

Á vista da documentación achegada e das xustificacións incluídas na memoria funcional, considérase que existen razóns organizativas e funcionais suficientes que sustentan a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio informa favorablemente a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade, sen prexuízo das consideracións que poidan formular o órgano competente en materia de emprego público, con carácter previo á súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 27/07/2026 10:39:54

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: n1CT7LsN2nX7 https://sede.xunta.gal/cve